



Xaneiro de 2011

## LEI DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN

O día 4 de xaneiro a Consellería de Educación presenta diante dos medios de comunicación o borrador do *Anteproxecto da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa*. Faino seguindo os modos e maneiras habituais de non ter en conta a comunidade educativa; isto é, en período non lectivo e sen as mínimas consultas aos seus lexítimos representantes. Esta ausencia de diálogo e debate previo nunha lei que, pola súa propia natureza, está chamada a contar coa colaboración dos protagonistas máis directos (profesorado, alumnado e familias) tenta emendarse co anuncio do seu debate no Observatorio Autonómico de Convivencia e o obrigado trámite legal no Consello Escolar de Galicia. Neste caso non parece que estea programada unha "rolda de consultas" cos representantes dos distintos sectores (sindicatos, ANPA, asociacións de estudantes, MRP...), se cadra porque a Consellería xa sabe de boa tinta e sen necesidade de preguntar as demandas respecto da mellora da convivencia e da participación ou porque renuncia de antemán a calquera consideración que se escape das súas formulacións nestes ámbitos, xa sen necesidade de maiores disimulos, logo do acontecido co Decreto do Plurilingüismo.

Unha lectura atenta do borrador evidencia que estamos ante dúas normas, unha sobre convivencia (títulos II e III) e outra sobre participación (título IV), diferenciadas desde a exposición de motivos e no propio título I con fins e principios específicos para cada ámbito. Dúas leis diferentes relacionadas forzadamente a través do principio de corresponsabilidade das familias e do retórico recurso á súa influencia na calidade dos procesos educativos. En definitiva dúas normas distintas, na que unha lle dá cobertura á outra. Por dous motivos:

1. Porque coa súa tramitación como lei procuráraselle a necesaria cobertura xurídica á consulta ás familias. No tocante á convivencia, e como logo explicaremos, para as pouco afortunadas medidas que se recollen non sería necesaria unha lei, nin tan sequera un decreto.

2. Para manter, no marco dunha nova cerimonia da confusión, dous debates de distinta natureza: un máis propiamente educativo referido á convivencia e outro máis xurídico e político sobre a consulta, coas implicacións que poidan existir entre os dous ámbitos.

Así pois, a convivencia, da que o anteproxecto presenta unha visión autoritaria e escasamente integradora, non é máis ca un novo subterfuxio da Consellería para sacar adiante o marco legal que lle permita retomar a consulta lingüística prevista no anteproxecto do Decreto do Plurilingüismo.

Neste documento imos referirnos tamén por separado a estes ámbitos, convivencia e participación, para unha mellor comprensión dos nosos argumentos en relación co anteproxecto de lei.



## SOBRE A CONVIVENCIA

A proposta dunha nova norma adoita motivarse nalgunha problemática que precisa solucións ou cando menos algún tipo de mellora. Pois ben, na propia exposición de motivos desta lei recoñécese que non hai en Galicia unha situación de deterioración da convivencia nos centros escolares particularmente alarmante e este recoñecemento é coincidente co sinalado polos datos do Observatorio Galego de Convivencia, cos datos sobre expedientes disciplinarios da propia Consellería ou polas achegas da investigación. Non habendo motivos de alarma, as presións na elaboración da norma obrigan a pensar noutras razóns, como son as prioridades da acción política do Partido Popular no ámbito da educación.

### O “ESQUECEMENTO” DOS ANTECEDENTES

Na súa exposición de motivos este bosquejo esquece calquera referencia aos antecedentes nesta temática promovidos desde a propia Consellería de Educación por gobernos anteriores. En Galicia o proceso comezou no 2005 e formalmente no 2007 aprobouse o *Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar de Galicia* elaborado sobre a base do documento previo *Bases para a elaboración dun Plan Galego de Convivencia Escolar*, que foi sometido á consideración de toda a comunidade educativa, ONG, ANPA, empresas do sector, MRP..., na procura do maior consenso posible. Este Plan foi asinado por máis de 35 entidades e colectivos pedagóxicos. O texto do acordo e as súas propostas pódense consultar no propio Portal Educativo da Xunta. Do desenvolvemento deste marco destaca a aprobación o 12 de abril de 2007 do Decreto de Creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar, paralizado o seu funcionamento co novo goberno, nunha sorte de “desmantelamento pasivo” das iniciativas do goberno anterior coas que non se sente comprometido, e evidenciando a súa falta de sensibilidade con este tema, que agora interesadamente pretende poñer no primeiro plano da atención política. Durante dous anos este Observatorio non foi sequera convocado para facer efectivas as funcións que a lei lle outorga e recentemente sufriu unha remodelación sen que fosen explicadas as razóns e os criterios que a inspiran.

### A ORIENTACIÓN DA CONVIVENCIA

Na súa orientación e nos seus contidos o anteproxecto de lei encadra a convivencia nun modelo punitivo e sancionador que faculta ao profesorado e aos equipos directivos para o desenvolvemento

daquelas competencias máis represivas, no canto de ofrecer recursos que poñan en valor estratexias e competencias de carácter educativo e integrador. É sintomático que os fins e principios informadores sobre as normas de convivencia nos centros (título I, art. 3) non se encadren no marco xeral de valores que fixa a LOE e non se relacionen tampouco cos fins do sistema educativo (art. 2), moitos deles estreitamente vinculados coa convivencia escolar. Particularmente os que se contemplan nos apartados b) “A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade” e c) “A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica” resultan de obrigada referencia pola súa directa implicación cos fins que pretende establecer este anteproxecto de Lei.

A parte máis extensa deste anteproxecto (título III) é a que fai referencia ás normas de convivencia, á condición de autoridade pública do profesorado, que se postula como instrumento para a dignificación da figura docente, e á tipificación das condutas contrarias á convivencia, así como a descrición das medidas correctoras.

### A “AUTORIDADE PÚBLICA”

Este anteproxecto de Lei busca a aceptación do profesorado, que presuntamente tería un mellor recoñecemento ao seu labor coa declaración da condición de autoridade pública. Porén a declaración de tal condición non ten máis efectos que darlles unha presunción de veracidade ás probas existentes nun eventual procedemento corrector, cuestión que non parece que mereza a tramitación dun proxecto de lei, xa que non era un problema detectado nestes expedientes. Non ten ningún valor esta declaración de autoridade pública, en cambio, en relación coa cualificación como atentado á autoridade a efectos penais se houber agresións no ámbito escolar, xa que esta é unha cuestión que depende da definición que incorpora o Código Penal –materia de competencia exclusiva estatal-. De feito, na actualidade a Fiscalía Xeral do Estado xa lle está aplicando esa consideración a efectos penais ao profesorado dos centros públicos na súa condición de funcionarios.

Cómpre preguntarse tamén ata que punto ten interese a administración educativa en promover a dignificación do profesorado, cando na toma de decisións



en aspectos que afectan ao seu desenvolvemento profesional e ao desempeño das súas funcións docentes esquece ou penaliza deliberadamente o traballo previo dos equipos docentes, a traxectoria dos acordos e decisións das comunidades educativas, as demandas e peticións dos centros e dos representantes da comunidade educativa en materia de dotación de recursos, fundamentalmente de profesorado, de normalización lingüística, de atención á diversidade..., cando non acusa publicamente aos equipos directivos de falta de colaboración ou de motivación, como ocorreu en relación coa tramitación de axudas de libros de texto ou na acollida do programa Abalar, por lembrar os exemplos máis salientables.

#### AS NORMAS DE CONVIVENCIA

No que atinxe ás normas de convivencia dos centros, o alcance social dalgunhas medidas que os centros poderían tomar en relación coas condutas consideradas prexudiciais para a convivencia transcende os límites da súa autonomía. Desde o ámbito xurídico estímase que a fixación das correccións que corresponden a estas condutas deben establecerse nos seus trazos básicos nunha norma con rango de lei, en tanto que limitan dereitos. A colaboración na descrición e concreción destas condutas pode facer-

se por un regulamento autonómico. As normas dos centros, sen garantía de publicidade e sen carácter normativo, non parece que poidan colaborar na concreción desas condutas como se recolle no art. 10.3. O anteproxecto permite que as "normas dos centros" fixen que obxectos, substancias ou produtos non poden terse no recinto escolar (art. 11.3), abríndolle a porta á violación das garantías e dereitos protexidos (integridade física e moral, intimidade, dignidade persoal, liberdade de pensamento). Só as normas con rango legal, poden realizar restricións de dereitos. Esta esixencia propia de sociedades democráticas ten como fin evitar unha interpretación pouco garantista dos dereitos, que poida levar a impedir publicacións, símbolos e outros obxectos que son a expresión da liberdade de pensamento ou relixiosa dos estudantes. Na ampla definición de obxectos, substancias ou produtos que a lei menciona xenericamente pode suceder que haxa centros que, eventualmente, regulen cun enfoque restritivo eses dereitos, o que levaría á anulación das normas dos centros. Para evitar os efectos negativos e perversos dunha discrecionalidade que acabe por caer na máis absoluta arbitrariedade, a propia lei debera fixar a que obxectos e sustancias se refire.



Programa educativo "Vivir xuntos, convivir"  
promovido polo Concello de Lugo.

Outro tanto pode suceder en relación coas previsións sobre a vestimenta do alumnado e a súa posible restrición (art. 10.4). As decisións que se tomen neste ámbito, á discrecionalidade dos centros, pode traer moitos máis problemas dos que resolve. A polémica sobre o velo islámico sobredimensionouse polas múltiples e diverxentes interpretacións que diferentes ordenanzas municipais, moitas delas en proceso de recurso xudicial, fixeron deste asunto. Tal situación é ilustrativa dos problemas que pode traer consigo e invita a considerar en primeiro termo a necesidade de tratar estas cuestións desde unha orientación educativa respectuosa cos dereitos e liberdades das persoas.

O anteproxecto establece un catálogo de medidas correctoras que non achegan novidades substantivas ao modo e maneira en que a maior parte dos centros escolares regulan algunhas situacións particularmente disruptivas, e ignora o que se está facendo en materia de convivencia desde a perspectiva do modelo integrado no que levan tempo traballando moitas comunidades educativas, centros escolares e colectivos pedagóxicos.

#### A AUSENCIA DUNHA BASE EDUCATIVA

O proxecto de lei desmárcase duns principios orientadores acordes co que actualmente os investigadores do tema entenden que deben inspirar a convivencia no sistema educativo:

a) Un modelo integrado no que o centro teña un papel activo con medidas que xunten o curricular e o organizativo, con equipos de mediación internos



Programa educativo "Aprender a convivir"  
promovido pola Concellería de Educación e Muller do Concello de Vigo.

e non alleos aos centros, e plataformas de participación, que teñen sempre un carácter preventivo e non punitivo como destila todo o texto desta proposta normativa.

b) Un concepto de conflito como algo consubstancial á vida das organizacións humanas, que hai que ensinar a afrontar sen violencia, que é unha consecuencia negativa pero evitable dese conflito.

c) Un concepto democrático de disciplina, no que as normas e as consecuencias do seu incumprimento son produto da participación das persoas ou dos seus representantes nos diferentes ámbitos de convivencia escolar: aula e centro.

A inspiración nestes principios, que se facía no citado Plan Integral da Convivencia Escolar e que está a fundamentar a actuación no ámbito da convivencia en moitos centros educativos, desaparece desta lei propiciando o que sería un sorprendente retroceso nas boas prácticas que se están levando a cabo xa en moitos centros de Galicia.

Facendo táboa rasa do existente, esta norma presenta, como se dunha novidade se tratase, aspectos que están hoxe en día xa contemplados nos Plans de Acción Titorial e nos Plans de Convivencia dos Centros, e tampouco lle engade moito máis ao previsto desde o punto de vista disciplinario polo vixente en Galicia "RD 732/95, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros", agás á inclusión de cuestións relacionadas cos novos escenarios dixitais e electrónicos.





# NOVA PAZ



BOLETÍN INFORMATIVO DO GRUPO EDUCADORAS/ES POLA PAZ DE  
NOVA ESCOLA GALEGA

N.º 17

XANEIRO – MARZO – 1995

Cabeceira do boletín Nova Paz editado polo grupo de Educadores/as pola Paz - Nova Escola Galega entre os anos 1990 e 1999, cun total de 26 números.

Para o caso particular do uso da rede para acoso, insultos ao profesorado ou difusión de imaxes de violencia nas aulas, moi chamativos ademais pola repercusión mediática que algúns casos teñen, esta lei tampouco achega respostas, pois é máis unha cuestión de formación que de represión, á que os rapaces soen ser receptivos.

Igualmente a encomenda ao Departamento de Orientación sobre a realización de programas de habilidades sociais para o alumnado "reincidente" no que atinxe ás condutas disruptivas xa estaba contemplado na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO que, de maneira negativa ao noso xuízo, alentaba a xeneralización do uso das aulas de convivencia como recurso para zafarse do alumnado considerado molesto.

Entendemos que unha norma sobre convivencia, se realmente quere ser novidosa e achegar propostas a un modelo baseado no respecto mutuo e encadrado na formación integral da persoa, debe procurar que os seus protagonistas sexan axentes activos na súa construción. Lonxe desta formulación, o anteproxecto de lei reflicte unha visión do alumnado como suxeito pasivo ou cunha forte carga negativa -víctima ou presuntamente disruptivo- desbotando o seu potencial de mediación na resolución de conflitos e na configuración das propias normas de convivencia, aspectos que son obxecto de crecente atención nos plans de convivencia de moitos centros.

O profesorado aparentemente imbuído dunha auto-ridade que se pretende máis efectiva, vese abocado, por delegación da administración educativa que non toma posición, a adoptar decisións sobre aspectos

que poden ser limitativos de dereitos, creando sensación de arbitrariedade ao contemplarse solucións distintas de carácter punitivo para problemáticas semellantes.

Non se ofrecen tampouco vías para a corresponsabilización das familias, cuxa presenza en procesos disciplinares é xa habitual, e nin a elas nin ao propio alumnado ou ao persoal que colabora na realización de actividades extraescolares, comedores e transporte se lles ofrece asistencia xurídica caso de que se vexan inmersos nun procedemento destas características.

Existen experiencias de educación en valores de longa traxectoria e resultados comprobables no ámbito da convivencia que deberan ser obxecto de atención para a súa difusión como modelos de boas prácticas, e que contrastan coas pobres medidas propostas no texto, que non ofrecen moitas máis saídas que mandar o alumnado á casa ou impedir a súa participación nas actividades extraescolares.

Porén e en relación coa formación do profesorado, este anteproxecto dedícalle tres liñas no marco da disposición adicional terceira sobre medidas complementarias, anunciando que "*os plans de formación do profesorado incluírán accións especificamente dirixidas para preparar aquel para o exercicio das facultades e o cumprimento dos deberes que, en relación coa convivencia escolar, lle correspondan de acordo con esta lei*". A prioridade que esta administración ten respecto desta temática como contido formativo quedou evidenciada cando se suprimiron practicamente todas as asesorías de formación no ámbito da educación en valores.

Para Nova Escola Galega a cuestión da convivencia no marco dunha escola democrática e inclusiva constituíu un eixo vertebrador desde o inicio do

noso traballo a prol do modelo de escola pública que defendemos, hai xa case 30 anos, motivando a creación dun dos primeiros grupos de traballo no seo da asociación: Educadores/as pola paz. Neste tempo e a través das iniciativas que se foron tomando constatamos a necesidade e a receptividade do profesorado en relación coas novas estratexias e recursos que lles permitisen abordar desde a perspectiva educativa a mellora da convivencia nos centros, asunto no que é de rigor destacar o papel proactivo de distintas administracións locais.

Constatamos igualmente a insuficiente resposta que a institución escolar lle ofrece a unha problemática que, tendo unha clara orixe social, atopa no marco escolar unha caixa de resonancia particular. Temos a convicción de que os aspectos curriculares, organizativos e os recursos cos que se conta ou dos que se carece inciden de maneira directa atenuando ou agravando situacións e conflitos que son inherentes á vida social e ás institucións. Cómpre ir máis aló da perspectiva disciplinaria poñendo no primeiro plano da atención estes aspectos.

Na nosa traxectoria de traballo na formación do profesorado e na elaboración de recursos e propostas educativas comprobamos que moitos e vellos problemas adoptan agora formas novas se cadra porque as solucións que se foron propiciando atenderon con demasiada frecuencia a evitar os seus efectos máis incómodos que a atacar, na medida en que a educación lle corresponde e pode facelo, as causas.

Entendemos que lles corresponde aos poderes públicos procurar un verdadeiro apoio ao labor educativo con medidas que incentiven a corresponsabilidade social no máis amplo sentido. Sabemos que unha parte importante do profesorado, das familias e dos axentes sociais son sensibles a outras formulacións para á convivencia, de aí que rexeitemos unha norma de carácter tan marcadamente punitivo como a que se presenta e convidemos á administración educativa a revisar en profundidade a súa orientación poñendo en valor o camiño percorrido no ámbito da prevención e do tratamento integrado das problemáticas que afectan á convivencia.

---

## SOBRE A PARTICIPACIÓN

---

Sobre o asunto da PARTICIPACIÓN, as referencias que fai o anteproxecto concéntranse especificamente no título IV *Participación directa das familias no ensino e no proceso educativo*, con tres artigos, dous deles referidos á participación directa das familias a través de eventuais procesos de consulta e o terceiro ao acceso dos pais e nais ao profesorado e equipos directivos dos centros escolares. Hai tamén referencias puntuais á participación nos títulos I e II, nos que se recollen respectivamente os fins e principios informadores das normas sobre participación directa das familias no ensino e no proceso educativo, e os dereitos e deberes de convivencia e participación do alumnado, familias e persoal de administración e servizos.

Destaca o escenario elixido e os tempos previstos para a presentación e posterior debate, nos órganos que corresponda, do anteproxecto. Como xa se sospeitou desde o primeiro momento e confirmou con posterioridade o propio conselleiro no marco de sucesivas declaracións nas que volveu á carga coa teima da imposición para expoñer de maneira construtiva e aclaratoria as virtualidades da nova norma, este é o nó gordiano da cuestión, que non puideron resolver nunha primeira volta coa aprobación do Decreto do Plurilingüismo e que busca agora unha nova oportunidade, aproveitando a precampaña

para as eleccións municipais, para repetir a estratexia de facer da lingua propia un asunto partidario para axitar cando convén, e sempre con ocasión electoral, volvendo ás vellas promesas para retomar a complicidade con aquela parte do electorado das cidades máis desafecto á cuestión da normalización do idioma.

Indo ao texto que nos ocupa son varias as aclaracións e comentarios que cómpre facer. No tocante aos dereitos e deberes, a relación que ofrece respecto da participación de nais e pais e estudantes (título II, art. 6 e 7) é restritiva. Estes dereitos non mencionan o de liberdade de pensamento e expresión, dereito de asociación e o dereito de reunión nas instalacións escolares, de acordo coas normas dos centros e para actividades que teñan relación coa actividade escolar. Tampouco se citan os dereitos de elección, establecéndose, no caso do estudantado, os niveis na que a súa participación se garanta.

### A CONSULTA E AS LEIS

---

Respecto do previsto no título IV sobre os procedementos de consulta e participación directa, que na exposición de motivos o anteproxecto de lei sustenta no artigo 118 da LOE, cómpre clarificar aspectos que no seu día e con ocasión do debate arredor primeiro do documento de Bases e logo do Proxecto



Viñeta de Xaquín Marín.

de decreto do Plurilingüismo, se obxectaron a esa pretensión de consulta, que foi retirada por falta de cobertura legal.

Desde a perspectiva xurídica, unha análise do establecido pola propia Constitución, a LODE e a LOE, así como o coñecemento de distintas sentenzas ao respecto deste asunto, permítenos concluir que tampouco é este o camiño que lle outorgue carta de legalidade ás pretensións da administración educativa e do Partido Popular.

A Constitución, no artigo 27.5, establece que a garantía do dereito á educación lles corresponde aos poderes públicos, aos que lles encarga a programación xeral do ensino. Tamén abre as portas á participación efectiva de todos os sectores afectados nesa programación educativa.

No que respecta á programación educativa é a LODE (Art 29) a que delimita o contido de participación do dereito á educación, establecendo que os sectores interesados na educación participarán na programación xeral do ensino a través dos órganos colexiados.

Xaora, a programación educativa é unha obriga dos poderes públicos e estes poden coñecer a opinión sobre ela dos sectores afectados a través dos Consellos escolares (estatal, autonómicos e, no seu caso, de ámbitos territoriais inferiores se o prevé unha lei autonómica).

As cuestións que se inclúen na programación educativa son claramente os currículos escolares, a determinación dos postos escolares e as medidas económicas relacionadas co sistema educativo.

A LOE (art. 6) indica con claridade cal é o contido dese currículo, que inclúe o conxunto de obxectivos,



Viñeta de Xosé Lois.

competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación. Todas estas cuestións son, por tanto, parte do núcleo que lle corresponde fixar á Administración coa colaboración dos Consellos Escolares estatal ou autonómico.

Como un dos obxectivos do sistema educativo está a competencia nas dúas linguas oficiais (art. 17). A respecto deste precepto e da súa discusión cómpre lembrar que a Sentenza do Tribunal Constitucional 337/1994, establece con claridade que a fixación dos currículos inclúe a garantía da competencia nas dúas linguas oficiais e que esta é unha actividade regulada das Administracións educativas que non pode estar condicionada pola libre opción dos interesados sobre a lingua docente.

Con carácter recente o Tribunal Supremo, nunha sentenza de 9 de decembro de 2010, é claro cando, recoñecendo o dereito das dúas linguas oficiais a ser utilizadas no sistema educativo, indica que a proporción na que a súa presenza deba ser garantida é unha decisión da Administración educativa en función do grao de normalización –isto é de presenza e uso real- que cada unha delas teña acadado. Non é por tanto unha decisión das familias senón dos poderes públicos que, para tomaren esa decisión, están vinculados coa situación sociolingüística e a necesidade de aplicar políticas de normalización para corrixir situacións de desigualdade ata que estas se modifiquen.

De acordo co exposto, non pode consultarse sobre ningunha destas cuestións, porque supoñería a alteración da regulación nos termos previstos na LOE e na LODE de delimitación do dereito de educación. Esta delimitación ten como obxecto garantir a igualdade e o pleno desenvolvemento da personalidade,





Viñetas do blog Pingas de Humor Crítico, de Xoán Andrade <http://xoan-andrade.blogspot.com/>

impedindo que consideracións parciais ou non amparadas en dereitos que a Constitución considera dignos de protección (coma tal, a liberdade relixiosa) poidan alterar a programación educativa xeral e impedir o pleno desenvolvemento da personalidade dos estudantes.

Un alcance distinto terían as previsións contidas no art. 118 da LOE, ao que o anteproxecto presentado alude na súa exposición de motivos, que abre a posibilidade de que as administracións educativas artellen outras medidas que promovan e incentiven a colaboración efectiva entre a familia e a escola fóra dos límites fixados na LODE e, por tanto, non poderían tocar a programación educativa. Porén o anteproxecto presentado non aborda outras formas de consulta ou participación que non estarían vedadas polas leis citadas ao non afectar á programación educativa.

É máis, aínda que indica que se trata dunha participación complementaria á xa regulada a través dos órganos colexiados, aos que por certo ignora completamente no texto, tampouco menciona como terán cabida nas consultas as organizacións representativas dos diferentes colectivos, introducindo así unha distorsión importante ao pretender establecer un diálogo unilateral que prescindida do resto dos axentes sociais lexitimamente interesados en calquera proceso de consultas.

Fala da participación das familias e só excepcionalmente do resto, como se o alumnado ou o persoal non docente non formasen parte tamén da comunidade educativa e non tivesen tamén representación nos órganos que realmente son de participación.

A preocupación polas fortes deficiencias no ámbito da participación en educación non atopa neste anteproxecto ningunha medida de apoio, promoción, asistencia e incentivo ao labor que os distintos sectores da comunidade educativa, nomeadamente alumnado, familias e persoal non docente, poden desenvolver. Clamorosa ausencia cando, como no caso das ANPA, xogan un destacado papel na xestión de servizos complementarios indispensables, como é o comedor, e doutros aspectos da vida dos centros tales como as actividades extraescolares e as escolas de nais e pais, desde o voluntarismo e a precariedade máis absolutas.

A reserva que a administración fai exclusivamente para si mesma destas posibles consultas denota unha visión restritiva da participación, orientada á consecución dos seus fins partidarios.

No canto de incentivar a participación das familias e a súa corresponsabilización na construción dese marco de convivencia e de cidadanía que é a institución escolar, máis aló da necesaria implicación particular na educación de cada fillo ou filla, este anteproxecto prioriza a perspectiva "individual familiar", orientación que ten trazos neoliberais e que reforza



a visión “clientelar” tamén no ensino público. Esta posición debilita enormemente o plano da democracia cívica, un plano que, porén, é fundamental nas sociedades complexas como é a nosa para fortalecer a integración social, aspecto no que a institución escolar xoga un importante papel.

Finalmente e no xeral do que se prescribe para as consultas, non se albisca ningunha garantía en canto ás condicións de realización, o que sumado aos argumentos anteriores e á experiencia na primeira consulta lingüística que, con todas as carencias observadas e no seu día denunciadas, sustentou a decisión do cambio da normativa vixente daquela polo actual decreto do Plurilingüismo, non nos permite máis que expresar o máis absoluto desacordo coa intención e coas medidas propostas no ámbito da participación.

#### A XEITO DE CONCLUSIÓN

Nova Escola Galega pronunciouse en moi diferentes ocasións e a través desta mesma publicación sobre os problemas derivados das consultas sobre preferencias lingüísticas, apoiándose en argumentos de tipo xurídico, de oportunidade e de estratexia política, e obviamente en argumentos pedagóxicos. No NEG Opina de abril de 2010 e cando o proxecto de Decreto do Plurilingüismo incorporaba os mecanismos de consulta para a determinación das linguas vehiculares no ensino, faciamos valer os seguintes argumentos:

*“A cobertura á liberdade lingüística das familias, entendida como posibilidade de modificar a asignación das linguas vehiculares na docencia (unicamente na docencia, insistimos) cada certo tempo, mediante un sistema de votación, supón, unha basta desautorización dos criterios educativos que orien-*

*tan a actuación profesional neste ámbito, imposibilita unha planificación lingüística que teña en conta o sentido procesual e interdisciplinar do traballo por competencias que reclama o currículo na actualidade, e na práctica, en función de conxunturas alleas, obriga o profesorado a “reprogramarse” na lingua decidida polas familias.*

*Como corolario desta situación a liberdade proclamada para o alumnado, que pode usar a lingua da súa preferencia, deixa exclusivamente nas mans do profesorado, non do conxunto do sistema, a misión imposible de procurar a adquisición de competencias naquela lingua, que, a xuízo dos estudantes, sexa prescindible.*

*A administración debe amparar o profesorado (¿u-la proclamada “autoridade”) no cumprimento dos obxectivos que marca a lei para a adquisición de competencias, facilitando un traballo serio neste ámbito. E non pode introducir medidas provocadoras de conflitos xeneralizados, interpersoais e intercomunitarios, na necesaria convivencia nos centros educativos, que incrementarían ata límites insoportables, a súa xa de por si complexa xestión”.*

A día de hoxe, e coa envoltura deste anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación, non poden ser máis acaídos. Convén lembrar, para quen teña esquecida a polémica, que as principais institucións do país relacionadas coa lingua e/ou coa educación, e as entidades máis representativas dos distintos sectores da comunidade educativa rexeitaron radicalmente a consulta proposta. Neste escenario, con estes antecedentes, pero na procura dese consenso que non chega preséntase esta Lei.

# Porque temos unha lingua



**Nova Escola Galega**

**PRÓXIMAS ACTIVIDADES**



☞ **V Encontro de Debate sobre o Medio Rural: Por unha educación permeable á cultura popular.** - 25 e 26 de febreiro - Centro Social "Fogar do maior" - Allariz (Ourense).

☞ **II Seminario-Obradoiro: A avaliación dos materiais didácticos en soporte impreso e dixital.** - 11 e 12 de marzo - Facultade de Ciencias da Educación - Santiago de Compostela.

☞ **XXV Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola paz: Ferramentas e recursos para traballar a Educación para a Paz.** - 29 e 30 de abril e 1 de maio - Allariz (Ourense).



NOVA ESCOLA GALEGA iniciou unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós.

Enviáronse aos centros educativos elementos da campaña, nos que se inclúen formularios de asociación e tamén da subscripción á Revista Galega de Educación. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla ao respecto. Grazas.